

I. DISPOSICIONES XERAIS

MINISTERIO DE AGRICULTURA E PESCA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE

12981 *Real decreto 980/2017, do 10 de novembro, polo que se modifican os reais decretos 1075/2014, 1076/2014, 1077/2014 e 1078/2014, todos eles do 19 de decembro, ditados para a aplicación en España da política agrícola común.*

O Real decreto 1075/2014, do 19 de decembro, sobre a aplicación a partir de 2015 dos pagamentos directos á agricultura e á gandería e outros réximes de axuda, así como sobre a xestión e control dos pagamentos directos e dos pagamentos ao desenvolvemento rural, regula a normativa básica aplicable en España, correspondente aos réximes de axuda establecidos no Regulamento (UE) n.º 1307/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se establecen normas aplicables aos pagamentos directos aos agricultores en virtude dos réximes de axuda incluídos no marco da política agrícola común e polo que se derrogan os regulamentos (CE) n.º 637/2008 e (CE) n.º 73/2009 do Consello, e as características do sistema integrado de xestión e control, contidas no Regulamento (UE) n.º 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, sobre o financiamento, xestión e seguimento da política agrícola común, polo que se derrogan os regulamentos (CE) n.º 352/78, (CE) n.º 165/94, (CE) n.º 2799/98, (CE) n.º 814/2000, (CE) n.º 1290/2005 e (CE) n.º 485/2008 do Consello.

Como complemento necesario ao modelo aplicado no Reino de España do novo réxime de pagamento básico, publicouse o Real decreto 1076/2014, do 19 de decembro, sobre asignación de dereitos de réxime de pagamento básico da política agrícola común, no que se establecen as condicións sobre a asignación e xestión destes dereitos para o período de aplicación 2015-2020, e o Real decreto 1077/2014, do 19 de decembro, polo que se regula o Sistema de información xeográfica de parcelas agrícolas (SIXPAC), co obxectivo de establecer os criterios básicos que han de garantir o correcto funcionamento deste instrumento de xestión no marco do Sistema integrado de xestión e control e resto de réximes de axuda relacionados coa superficie da política agrícola común.

Por último, este marco regulador completouse mediante o Real decreto 1078/2014, do 19 de decembro, polo que se establecen as normas da condicionalidade que deben cumprir os beneficiarios que reciban pagamentos directos, determinadas primas anuais de desenvolvemento rural, ou pagamentos en virtude de determinados programas de apoio ao sector vitivinícola.

O Regulamento (UE) n.º 1307/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, autoriza a Comisión para adoptar actos delegados e de execución para modificar ou completar elementos non esenciais deste. A dita adopción realizouse, entre outros, a través do Regulamento delegado (UE) n.º 639/2014 da Comisión, do 11 de marzo de 2014, que completa o Regulamento (UE) n.º 1307/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, polo que se establecen normas aplicables aos pagamentos directos aos agricultores en virtude dos réximes de axuda incluídos no marco da política agrícola común, e que modifica o anexo X do dito regulamento.

No marco da simplificación da política agrícola común, aprobouse recentemente o Regulamento delegado (UE) 2017/1155 da Comisión, do 15 de febreiro de 2017, que modifica o Regulamento delegado (UE) n.º 639/2014, no que respecta ás medidas de control relacionadas co cultivo de cánapo, determinadas disposicións sobre o pagamento de ecoloxización, o pagamento para agricultores mozos que exercen o control dunha persoa xurídica, o cálculo do importe por unidade dentro da axuda asociada voluntaria, as fraccións dos dereitos de pagamento e algúns requisitos de notificación relacionados co réxime de pagamento único por superficie e a axuda asociada voluntaria, e que modifica o anexo X do Regulamento (UE) n.º 1307/2013 do Parlamento Europeo e do Consello,

axustes técnicos co obxectivo de simplificar, flexibilizar ou aclarar os aspectos xa citados, que deben ser incorporados ao noso ordenamento xurídico.

Cabe destacar, respecto de modificacións relativas ás prácticas agrícolas beneficiosas para o clima e o ambiente, os cambios que afectan a diversificación de cultivos, os requisitos que deben cumprir as superficies de interese ecolóxico (SIE) e a información transmitida polos Estados membros á Comisión Europea derivada destes pagamentos. Entre outras novidades, permítese, para efectos das SIE, a sementeira de cultivos fixadores de nitróxeno mesturados con outros cultivos, sempre que predominen os primeiros, e prohíbese o uso de produtos fitosanitarios nas SIE produtivas ou con potencial produtivo.

Así mesmo, tras dúas campañas de aplicación da reforma da política agrícola común, e unha vez realizadas diversas auditorías do Tribunal de Contas Europeo e da Comisión Europea, resulta necesario realizar determinados axustes derivados das observacións recibidas nas ditas auditorías, co obxecto de evitar posibles correccións financeiras derivadas dos ditos incumprimentos. Así, no Real decreto 1075/2014, do 19 de decembro, clarifícanse as condicións de actividade agraria con base na sega e nos pastos tradicionais locais, engádese unha nova situación de risco para efectos de control relacionada co mantemento e establécese a non admisibilidade das parcelas que levan declaradas en barbeito máis de cinco anos, por constituír unha situación de elevado risco de abandono. Neste marco, cabe salientar tamén certas puntualizacións sobre o réxime simplificado para pequenos agricultores, tanto no Real decreto 1075/2014, do 19 de decembro, como no Real decreto 1076/2014, do 19 de decembro, co obxecto de mellorar a posta en práctica deste, de acordo coas recomendacións efectuadas en tal sentido pola Comisión Europea.

Da mesma forma, á vista da experiencia adquirida na aplicación destas axudas, é preciso introducir diversas modificacións nos reais decretos 1075/2014, 1076/2014, 1077/2014 e 1078/2014, todos eles do 19 de decembro, que obedecen a axustes meramente técnicos, coa finalidade de posibilitar a súa mellor aplicación e eficacia na xestión destas axudas. Adicionalmente, establécese unha serie de aclaracións e puntualizacións co obxecto de conseguir maior claridade e seguridade xurídica, ao tempo que se solucionan certos erros detectados.

Por último, é necesario incorporar as modificacións derivadas do Regulamento delegado (UE) 2017/1183 da Comisión, do 20 de abril de 2017, polo que se complementan os regulamentos (UE) n.º 1307/2013 e (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello no que respecta á notificación de información e documentos á Comisión, e do Regulamento de execución (UE) 2017/1185 da Comisión, do 20 de abril de 2017, polo que se establecen as normas de desenvolvemento dos regulamentos (UE) n.º 1307/2013 e (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello no que respecta á notificación de información e documentos á Comisión e polo que se modifican e derrogan diversos regulamentos da Comisión, que establecen unha serie de obrigacións de comunicación, por parte dos Estados membros, de aplicación en determinados sectores agrarios sobre as súas producións e existencias ao longo da campaña.

Na elaboración da presente disposición consultáronse as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados.

Así mesmo, en cumprimento do previsto na Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, o proxecto de real decreto foi sometido ao procedemento de información pública e adecuouse aos principios de boa regulación a que se refire o artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Función Pública, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 10 de novembro de 2017,

DISPOÑO:

Artigo primeiro. *Modificación do Real decreto 1075/2014, do 19 de decembro, sobre a aplicación a partir de 2015 dos pagamentos directos á agricultura e á gandaría e outros réximes de axuda, así como sobre a xestión e control dos pagamentos directos e dos pagamentos ao desenvolvemento rural.*

O Real decreto 1075/2014, do 19 de decembro, sobre a aplicación a partir de 2015 dos pagamentos directos á agricultura e á gandaría e outros réximes de axuda, así como sobre a xestión e control dos pagamentos directos e dos pagamentos ao desenvolvemento rural, queda modificado como segue:

Un. O artigo 11 queda modificado como segue:

a) O punto 2 queda redactado da seguinte forma:

«2. Para cada parcela ou recinto, o solicitante declarará na súa solicitude de axuda o cultivo ou aproveitamento ou, se é o caso, que o recinto é obxecto dun labor de mantemento. Indicarase expresamente na solicitude se sobre os recintos de pastos se vai realizar produción con base en pastoreo ou ben, no caso de pasteiros e pradarias, con base en pastoreo, ou sega; ou só mantemento con base nas actividades do anexo IV.

No caso das terras que sirvan para pastos e que formen parte das prácticas locais establecidas, segundo as cales as herbas e outras forraxes herbáceas non predominaron tradicionalmente nas superficies para pastos, recoñecidas pola autoridade competente, a única actividade admisible será o pastoreo.»

b) A letra c) do punto 6 queda redactada do seguinte modo:

«c) Así mesmo, a dimensión das explotacións considerarase coherente coa superficie de pastos cando as explotacións teñan, ao menos, 0,20 unidades de gando maior (UGM) por hectárea de pasto pertencente á totalidade da superficie determinada tras controis administrativos. Para estes efectos, teranse en conta todas as parcelas agrícolas de pasto da explotación, identificadas de conformidade co artigo 92.2, se solicitase ou non axuda por elas. O cálculo realizarase tendo en conta un termo medio de animais na explotación e a táboa de conversión destes en UGM recollida no anexo V. A autoridade competente terá en conta as particularidades do proceso produtivo nos distintos tipos de explotación gandeira á hora de obter as medias de animais.

Se se verifica o cumprimento da proporción de 0.2 UGM por hectárea e a compatibilidade das especies gandeiras declaradas co uso do pasto conforme o establecido nas letras a) e b), o beneficiario acreditará directamente a realización de actividade gandeira, sen que sexa necesario levar a cabo ningún outro control administrativo adicional. Non obstante, no marco dun control sobre o terreo, poderase comprobar o estado dos pastos e incluso solicitar ao titular xustificación documental do aproveitamento destes se existen dúbidas sobre o seu posible estado de abandono, segundo queda establecido no punto 7.

Polo contrario, cando se verifique o incumprimento destas condicións, ben porque non se alcance esta proporción ou ben porque o solicitante non sexa titular dunha explotación gandeira inscrita no REGA conforme o establecido nas letras a) e b) anteriores, ou ben porque o solicitante non sexa titular de ningunha explotación gandeira e vaia recibir axudas nas superficies de pastos, entenderase que se están creando artificialmente as condicións para o cumprimento dos requisitos da actividade agraria, salvo que o agricultor presente probas que acrediten, ao menos, algún dos seguintes supostos:

1.º Que a superficie declarada como pastos é obxecto dalgún dos labores de mantemento descritos no anexo IV.

2.º Que realiza actividade de sega en pasteiros e pradarias, destinada á produción de forraxes para o gando.

3.º Que dispón de superficies de pastos en condicións produtivas adecuadas para seren pastoreados.»

Dous. O punto 3 do artigo 12 substitúese polo seguinte:

«3. Co obxecto de comprobar se se trata de superficies abandonadas, considerarase como unha situación de risco para efectos de control cando determinadas superficies das parcelas ou recintos de terras de cultivo se declarasen, de forma reiterada, durante tres anos consecutivos ou máis, en barbeito ou que nos recintos de pasto arborizado e arbustivo se declarase tamén de forma reiterada, durante tres anos consecutivos ou máis, unha actividade exclusivamente baseada no mantemento en estado adecuado. Tamén se considerará unha situación de risco de falta de actividade agraria a declaración de actividades de mantemento en todas as parcelas agrícolas da explotación.»

Tres. O artigo 14 queda modificado como segue:

a) O punto 9 queda redactado da seguinte forma:

«9. No caso de destinar as parcelas agrícolas ao cultivo de cânabo, só se poderán utilizar sementes certificadas das variedades que figuran no Catálogo común das variedades de especies de plantas agrícolas, no Rexistro español de variedades comerciais ou que teñan concedida unha autorización de comercialización conforme a Decisión 2004/842/CE, da Comisión, do 1 de decembro de 2004, relativa a disposicións de aplicación polas que os Estados membros poden autorizar a comercialización de sementes pertencentes a variedades para as que se presentase unha solicitude de inscrición no Catálogo nacional de variedades de especies de plantas agrícolas e hortícolas, na data do 15 de marzo do ano de presentación da solicitude. Estas variedades só serán admisibles se teñen un contido de tetrahidrocannabinol non superior ao 0,2%.

O cultivo debe manterse en condicións normais de crecemento e de acordo coas prácticas locais ata, como mínimo, dez días despois da floración, co fin de permitir a realización dos controis específicos para a aplicación do establecido no primeiro parágrafo deste artigo. Non obstante, a autoridade competente poderá autorizar que se colleite o cânabo despois do inicio da floración, pero antes de que transcorran os dez días tras da fin da floración, se os inspectores indican para cada parcela de que se trate as partes representativas que deben seguir cultivándose como mínimo durante os dez días seguintes ao final da floración para os efectos da inspección, de conformidade co método establecido no anexo III do Regulamento delegado (UE) nº 639/2014 da Comisión do 11 de marzo de 2014.»

b) Engádesse un novo punto 10, co seguinte contido:

«10. Por constituír unha situación de elevado risco de abandono, non se considerarán admisibles superficies das parcelas ou recintos de terras de cultivo que se declarasen, de forma reiterada, durante máis de cinco anos consecutivos en barbeito, a non ser que o solicitante poida demostrar que está realizando unha actividade agraria sobre as ditas parcelas presentando a correspondente alegación ao SIXPAC, de conformidade co establecido no artigo 94.»

Catro. O punto 2 do artigo 16 queda redactado da seguinte forma:

«2. Para os efectos de activación dos dereitos de pagamento, os agricultores poderán seleccionar en cada campaña os códigos dos dereitos que desexan utilizar,

ou ben indicar que declaran todos aqueles para os que consten como titulares no Sistema de identificación e rexistro dos dereitos; neste caso considerarase que se utilizaron, en primeiro lugar, os dereitos de pagamento de maior importe. E entre os dereitos de pagamento de idéntico valor, considerarase a súa utilización segundo a orde de numeración que posúan.»

Cinco. O punto 4 do artigo 20 substitúese polo seguinte:

«4. Para os efectos do presente artigo, entenderase como cultivo calquera das seguintes acepcións:

- a) O cultivo de calquera dos diferentes xéneros definidos na clasificación botánica de cultivos;
- b) O cultivo de calquera das especies no caso de *Brassicaceae*, *Solanaceae* e *Cucurbitaceae*;
- c) A terra en barbeito;
- d) A herba ou outras forraxes herbáceas.

Os cultivos de inverno e primavera considerarase cultivos distintos aínda cando pertencen ao mesmo xénero, así como calquera outro tipo de xénero ou especie que sexa distinto dos anteriores e que sexa expresamente recoñecido como un cultivo distinto pola normativa da Unión Europea de directa aplicación nun futuro.

No caso de superficies con cultivos mixtos en ringleiras, cada cultivo contabilizarase como un cultivo distinto se representa, ao menos, o 25% da dita superficie. En tal caso, a superficie cuberta por cada cultivo calcularase dividindo a superficie total dedicada ao cultivo mixto polo número de cultivos presentes que cubran, como mínimo, o 25% da dita superficie, con independencia da proporción real de cada cultivo.

Nas superficies cubertas por un cultivo principal intercalado cun cultivo secundario, a superficie considerarase cuberta unicamente polo cultivo principal.

As superficies en que se semente unha mestura de sementes considerarase cubertas por un só cultivo denominado «cultivo mixto» independentemente dos cultivos específicos que conformen a mestura.

Non obstante, cando se poida establecer que as especies incluídas en diferentes mesturas difiren unhas doutras e se trate de mesturas cultivadas tradicionalmente, esas diferentes mesturas de sementes poderanse considerar cultivos únicos distintos, sempre que non se utilicen para o cultivo a que fai referencia a letra d) deste punto.»

Seis. O punto 1.º da letra c) do artigo 25 queda redactado nos seguintes termos:

«1.º Que o control efectivo a longo prazo sobre a persoa xurídica que solicita o pagamento complementario para os mozos agricultores corresponda a un mozo agricultor, que cumpra o disposto na letra b) no ano de presentación da primeira solicitude de dereitos de pagamento básico por parte da persoa xurídica. Entenderase que un mozo, ou un grupo de mozos agricultores, exercen o control efectivo sobre a persoa xurídica cando teñan potestade de decisión dentro da dita persoa xurídica, o que exige que a súa participación no capital social da persoa xurídica sexa máis da metade do capital social total desta e que posúan máis da metade dos dereitos de voto dentro desta.»

Sete. O artigo 31 substitúese polo seguinte:

«Artigo 31. *Beneficiarios e requisitos.*

1. Poderán ser beneficiarios desta axuda os agricultores que produzan arroz, que a soliciten anualmente na solicitude única e que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Cultivar arroz en recintos agrícolas de regadío.
- b) Empregar semente dalgunha das variedades recollidas no Catálogo común de variedades de especies de plantas agrícolas da Unión Europea, no Rexistro de variedades comerciais ou que teñan concedida unha autorización de comercialización conforme a Decisión 2004/842/CE da Comisión, do 1 de decembro de 2004, na data do 30 de marzo do ano de presentación da solicitude.
- c) Levar a cabo a sementeira do arroz antes da data límite do 30 de xuño.
- d) Efectuar os traballos normais requiridos para o cultivo do arroz e que este chegue á floración.

2. Anualmente, os beneficiarios que soliciten esta axuda deberán presentar antes do 15 de novembro as seguintes declaracións ante a autoridade competente:

- a) Declaración de existencias no seu poder en 31 de agosto do ano en curso.
- b) Declaración de colleita que especifique a produción obtida e a superficie utilizada.

Ambas as declaracións desagregaranse por tipos e variedades de arroz, de acordo co establecido no artigo 12.b) do Regulamento de execución (UE) 2017/1185 da Comisión, do 20 de abril de 2017, polo que se establecen as normas de desenvolvemento dos regulamentos (UE) n.º 1307/2013 e (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello no que respecta á notificación de información e documentos á Comisión e polo que se modifican e derrogan diversos regulamentos da Comisión.»

Oito. O artigo 32 substitúese polo seguinte:

«Artigo 32. *Declaracións de existencias de arroz polos industriais arroceiros e rendemento en muíño.*

1. Os industriais arroceiros deberán realizar, ante a autoridade competente onde se encontre almacenado o arroz, antes do 15 de novembro, unha declaración das existencias de arroz que se encontren no seu poder o 31 de agosto anterior, desagregadas tal como establece o artigo 12.b) do Regulamento de execución (UE) 2017/1185 da Comisión, do 20 de abril de 2017.

2. Así mesmo, notificarán, anualmente ante a autoridade competente e, como moi tarde, o 15 de novembro de cada ano, o rendemento de muíño alcanzado para cada un dos tipos de arroz referidos no parágrafo anterior procedentes da colleita nacional do ano en cuestión.»

Nove. O punto 2 do artigo 34 queda redactado do seguinte modo:

«2. Para os efectos desta axuda, consideraranse cultivos proteicos os seguintes grupos de cultivos de alto contido en proteína vexetal cuxo destino sexa a alimentación animal:

a) Proteaxinosas: chícharo (*Pisum sativum* L.), fabas (*Vicia faba* L.), tremozo doce (*Lupinus* spp.).

b) Leguminosas: ervella brava (*Vicia sativa* L.), ervella negra (*Vicia ervilia* (L.) Willd.), vezas (*Vicia monanthos* Desf.), pedrellos bravos ou almortas (*Lathyrus sativus* L.), alforba (*Trigonella foenum-graecum* L.), ervellaca (*Vicia narbonensis* L.), alfalfa (*Medicago sativa* L.), só en superficies de secaño, esparceta (*Onobrychis viciifolia* Scop.), sula (*Hedysarum coronarium* L.).

c) Oleaxinosas: xirasol (*Helianthus annuus* L.), colza (*Brassica napus* L.), soia (*Glycine max* (L.) Merrill) e camelina (*Camelina sativa* (L.) Crantz), cártamo (*Carthamus tinctorius* L.).

Cando sexa unha práctica habitual de cultivo, admitiranse mesturas das especies de leguminosas e proteaxinosas recollidas nesta lista con outros cultivos non incluídos nela, sempre que as leguminosas ou proteaxinosas sexan o cultivo predominante na mestura e o outro cultivo se encontre na listaxe de sectores a que se poderá conceder unha axuda asociada, de conformidade co artigo 52.2 do Regulamento (UE) n.º 1307/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013.»

Dez. A letra a) do artigo 35 queda modificada como segue:

«a) Empregar semente dalgunha das variedades recollidas no Catálogo común de variedades de especies de plantas agrícolas da Unión Europea, no Rexistro español de variedades comerciais ou que teñan concedida unha autorización de comercialización conforme a Decisión 2004/842/CE da Comisión, do 1 de decembro de 2004, na data do 30 de marzo do ano de presentación da solicitude. Exceptúanse deste requisito as sementes das especies para as que non existe catálogo de variedades ou está autorizada a súa comercialización sen necesidade de pertencer a unha variedade determinada.»

Once. O punto 4 do artigo 50 queda redactado do seguinte modo:

«4. Os contratos celebraranse, como moi tarde, o 31 de xaneiro de cada ano.»

Doce. O artigo 55 queda modificado como segue:

a) O punto 4 queda redactado da seguinte forma:

«4. O contrato de abastecemento entre o agricultor e a ripadora autorizada celebrárase, como moi tarde, o día que se formalice a primeira entrega de algodón sen ripar obxecto daquel.»

b) Engádense dous novos puntos 5 e 6, co seguinte contido:

«5. As ripadoras autorizadas deberán ter comunicado á súa autoridade competente a produción de algodón sen ripar contratada o ano previo e o prezo medio pagado aos produtores por ela.

Por outro lado, as ripadoras autorizadas tamén deberán comunicar antes do 1 de setembro a estimación da produción de algodón sen ripar que prevén contratar no ano en curso.

A información recollida neste punto será remitida ao Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente pola autoridade competente conforme as datas previstas no artigo 107.4.g) 5.º

6. A autoridade competente retirará a autorización, con efectos a partir da campaña de comercialización seguinte, logo de instrución do correspondente procedemento, cando se detecten irregularidades no cumprimento dos compromisos adquiridos pola ripadora como entidade colaboradora neste réxime de axuda.»

Trece. O punto 7 do artigo 58 queda modificado como segue:

«7. Os gandeiros solicitantes das axudas asociadas deberán manter a titularidade das explotacións nas que se encontren os animais susceptibles de percibir a axuda, durante as datas nas que se determina a elixibilidade destes e, en todo caso, ata a data final do prazo de solicitude de cada ano. Exceptuaranse da condición de manter a titularidade durante as datas en que se determina a elixibilidade dos animais os casos de cambios de titularidade da explotación gandeira como consecuencia de sucesión *mortis causa*, xubilacións nas que se transmita a explotación a un familiar de primeiro grao, programas aprobados de cesamento anticipado da actividade agraria, incapacidade laboral permanente do titular, fusións, escisións, cambios de denominación ou do estatuto xurídico da

explotación, e os casos en que o novo titular sexa un mozo agricultor que cumpra cos requisitos establecidos no artigo 25, todos eles debidamente notificados e aceptados pola autoridade competente.

Sen prexuízo do anterior, tamén se admitirán os cambios de titularidade cando o novo titular, que non ten dereito a percibir o réxime de pagamento básico ou que non solicita a dita axuda, cumpre o resto de requisitos establecidos no artigo 25.»

Catorce. O artigo 86 queda redactado nos seguintes termos:

a) Os puntos 7 e 8 substitúense polos seguintes:

«7. Os dereitos de pagamento activados en 2015 por un agricultor que participe no réxime de pequenos agricultores consideraranse dereitos activados para todo o período de participación do agricultor no dito réxime. A participación no réxime de pequenos agricultores supón o cumprimento, en cada campaña, dos requisitos recollidos nos puntos 5 e 6.

8. En sucesivas campañas a partir de 2015, os agricultores incluídos no réxime de pequenos agricultores poderán presentar a súa renuncia ao seu mantemento nel, durante o período de comunicación de cesións de dereitos á Administración, determinado por cada comunidade autónoma para cada campaña, segundo o punto 1 do artigo 30 do Real decreto 1076/2014, do 19 de decembro.»

b) Engádese un novo punto 10, co seguinte contido:

«10. Se un agricultor incluído no réxime simplificado para os pequenos agricultores non participa nel durante dous anos consecutivos, os seus dereitos de pagamento pasarán á reserva nacional establecida no artigo 23 do Real decreto 1076/2014, do 19 de decembro.

Igualmente, no caso daqueles agricultores cuxo importe total antes de aplicar as penalizacións administrativas por incumprimento dos criterios de admisibilidade sexa inferior aos limiares mínimos para poder recibir pagamentos directos establecidos polo artigo 6 e non percibisen pagamentos durante dous anos consecutivos posteriores á campaña de asignación inicial, os seus dereitos de pagamento integraranse na reserva nacional establecida no artigo 23 do Real decreto 1076/2014, do 19 de decembro.»

Quince. O último parágrafo do punto 4 do artigo 92 queda modificado como segue:

«Sen prexuízo do anterior, o agricultor non deberá realizar a declaración gráfica das parcelas agrícolas no caso de superficies de uso común, incluídas as parcelas declaradas en réxime de parzaría. Nas ditas situacións a identificación da parcela agrícola declarada realizarase ben mediante o código de identificación do recinto ou recintos SIXPAC que a integren, ou ben con base nas referencias identificativas establecidas polas comunidades autónomas que se acollan á opción establecida no artigo 93.3 deste real decreto para os pastos utilizados en común, e indicarse a superficie en hectáreas con dous decimais. En caso de ser necesario, a Administración procederá á transformación en declaración gráfica destas superficies de uso común. Tamén quedan exceptuadas da realización da declaración gráfica as parcelas agrícolas nas que non sexa posible utilizar o SIXPAC, conforme o recollido no artigo 2.2 do Real decreto 1077/2014, do 19 de decembro.»

Dezaseis. O artigo 96 substitúese polo seguinte:

«Artigo 96. *Modificación das solicitudes.*

Unha vez finalizado o prazo para a presentación da solicitude única, os agricultores poderán, ata o día 31 de maio, modificar ou incluír novos réximes de pagamentos directos ou medidas de desenvolvemento rural, engadir parcelas

individuais ou dereitos de pagamento individuais sempre que se cumpran os requisitos fixados no réxime de axuda de que se trate. Cando estas modificacións repercutan nalgún xustificante ou contrato que debe presentarse, tamén estará permitido modificalo.»

Dezasete. O artigo 98 queda redactado nos seguintes termos:

a) O punto 3 substitúese polo seguinte:

«3. Os datos relativos á identificación do solicitante, así como á declaración de cada recinto, no que se refire ao réxime de tenza e ao cultivo declarado neste, facilitaranse á Dirección Xeral do Catastro do Ministerio de Facenda e Función Pública e aos órganos competentes en materia do catastro inmobiliario nas comunidades autónomas de Navarra e do País Vasco. As autoridades competentes facilitarán, ademais, o identificador oficial e obrigatorio (referencia catastral) da parcela SIXPAC na que se localiza o recinto. Cando se trate dos supostos recollidos no artigo 14. e) do texto refundido da Lei do catastro inmobiliario, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2004, do 5 de marzo, a cesión realizarase nos termos que se determine por orde do ministro de Facenda e Función Pública.»

b) Engádesse un novo punto 4, co seguinte contido:

«4. O titular catastral das parcelas sobre as que se sitúen os recintos obxecto dunha solicitude de axuda, en tanto que interesado no procedemento de comunicación catastral recollido no artigo 14.e) do texto refundido da Lei do catastro inmobiliario, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2004, do 5 de marzo, terá dereito, con observancia das normas de protección de datos de carácter persoal, de acceso á información relativa á presentación de solicitudes de axudas directas sobre as súas parcelas e os cultivos declarados.»

Dezaioito. Engádense dous novos puntos 6 e 7 no artigo 99, coa seguinte redacción:

«6. A partir da campaña 2018, unha vez implantados os procedementos informáticos que amparen a declaración gráfica, e con obxecto de mellorar a exactitude da solicitude única, as comunidades autónomas poderán establecer, sobre unha base voluntaria, un sistema de controis preliminares que informen os beneficiarios sobre posibles incumprimentos e que lles permitan cambiar a súa solicitude a tempo co fin de evitar reducións e sancións administrativas.

A notificación dos resultados dos controis preliminares por parte da Administración e as eventuais modificacións da solicitude de axuda inicial por parte do beneficiario faranse nos termos establecidos nos artigos 11 e 15 do Regulamento de execución (UE) 809/2014 da Comisión, do 17 de xullo de 2014.

7. Os organismos pagadores de cada comunidade autónoma establecerán os mecanismos oportunos para que tanto os plans rexionais de control como a execución destes sexan postos en coñecemento do organismo de certificación, de modo que este poida realizar a verificación da legalidade e regularidade conforme o establecido na normativa da Unión Europea.»

Dezanove. O artigo 107 queda modificado como segue:

a) O punto 4 queda redactado do seguinte modo:

«4. Información sobre as axudas aos agricultores:

a) Respecto da axuda asociada ao cultivo do arroz establecida na sección 2.^a do capítulo I do título IV:

1.º Antes do 30 de novembro do ano de presentación da solicitude, co obxecto de poder calcular os importes da axuda por hectárea, a superficie total determinada.

2.º Antes do 30 de novembro, a información relativa á declaración de existencias recibida con base nos artigos 31 e 32.

3.º Antes do 30 de novembro, a información relativa á declaración de colleita recibida con base no artigo 31.

4.º Antes do 30 de novembro, a información relativa ao rendemento de muíño alcanzado para cada uno dos tipos de arroz referidos no artigo 32 con base no dito artigo.

b) Respecto da axuda asociada aos cultivos proteicos establecida na sección 3.ª do capítulo I do título IV:

Antes do 15 de outubro do ano de presentación da solicitude, co obxecto de poder calcular o importe da axuda por hectárea e establecer a superficie máxima de sementes oleaxinosas con dereito a axuda, a superficie total determinada desagregada por especies e grupos de cultivos, diferenciando as primeiras 50 hectáreas de todas as solicitudes no caso das oleaxinosas.

c) Respecto da axuda asociada aos froitos de casca e ás alfarrobas a que se refire a sección 4.ª do capítulo I do título IV:

Antes do 15 de outubro do ano de presentación da solicitude, co obxecto de poder calcular os importes da axuda por hectárea, a superficie total determinada desagregada por especies.

d) Respecto da axuda asociada aos legumes de calidade a que se refire a sección 5.ª do capítulo I do título IV:

Antes do 15 de outubro do ano de presentación da solicitude, a superficie determinada para o pagamento da axuda.

e) Respecto da axuda asociada á remolacha azucreira a que se refire a sección 6.ª do capítulo I do título IV:

Antes do 15 de outubro do ano de presentación da solicitude, para calcular o importe da axuda correspondente a cada zona homoxénea de produción, remitirán a superficie elixible que cumpre os requisitos establecidos no artigo 46, diferenciada en función das zonas homoxéneas de produción establecidas no artigo 45.

f) Respecto da axuda asociada ao tomate para industria a que se refire a sección 7.ª do capítulo I do título IV:

Antes do 1 de decembro do ano de presentación da solicitude, co obxecto de poder calcular os importes da axuda por hectárea, a superficie total determinada.

g) Respecto do pagamento específico ao cultivo do algodón a que se refire a sección 8.ª do capítulo I do título IV:

1.º Antes do 15 de decembro do ano anterior á presentación da solicitude, a súa proposta sobre as variedades autorizadas, os criterios de superficie admisible, a densidade mínima de plantación e as prácticas agronómicas exixidas.

2.º Antes do 31 de xaneiro do ano da presentación da solicitude, os criterios adoptados a que se refire o artigo 54.

3.º Antes do 15 de abril do ano de presentación da solicitude, os nomes das organizacións interprofesionais autorizadas, así como a superficie que agrupan, os seus potenciais de produción, nome dos produtores e ripadores que a compoñen e a súa capacidade de ripadura.

4.º Antes do 1 de marzo do ano seguinte ao da presentación da solicitude, a superficie total determinada co obxecto de poder calcular o importe unitario da axuda.

5.º Antes do 15 de xullo do ano de solicitude, a produción de algodón sen ripar contratada o ano previo e o prezo medio pagado aos produtores por ela, e antes do 15 de setembro, a estimación da produción de algodón sen ripar que prevén contratar no ano en curso.»

b) O punto 5 substitúese polo seguinte:

«5. Información sobre as axudas aos gandeiros:

a) Respecto da axuda asociada para as explotacións que manteñan vacas nutrices a que se refire a sección 2.ª do capítulo II do título IV:

Antes do 15 de novembro do ano de presentación da solicitude, as solicitudes aceptadas para o pagamento e número de animais con dereito a pagamento.

b) Respecto da axuda asociada para as explotacións de vacún de ceba a que se refire a sección 3.ª do capítulo II do título IV:

Antes do 15 de xaneiro do ano seguinte ao de presentación da solicitude número total de solicitudes aceptadas para o pagamento e número de animais con dereito a pagamento:

- 1.º Cebados na explotación de nacemento.
- 2.º Cebados procedentes doutras explotacións.

c) Respecto da axuda asociada para as explotacións de vacún de leite a que se refire a sección 4.ª do capítulo II do título IV:

Antes do 15 de novembro do ano de presentación da solicitude, as solicitudes aceptadas para o pagamento e número de animais con dereito a pagamento en cada unha das liñas de axuda establecidas no artigo 66.3 e en cada tramo de degresividade establecido no artigo 69.3.

d) Respecto da axuda asociada para as explotacións de ovino a que se refire a sección 5ª do capítulo II do título IV:

Antes do 15 de novembro do ano de presentación da solicitude, as solicitudes aceptadas para o pagamento e número de animais con dereito a pagamento.

e) Respecto da axuda asociada para as explotacións de caprino a que se refire a sección 6.ª do capítulo II do título IV:

Antes do 15 de novembro do ano de presentación da solicitude, as solicitudes aceptadas para o pagamento e número de animais con dereito a pagamento:

- 1.º Nas zonas de montaña.
- 2.º No resto do territorio nacional.

f) Respecto da axuda asociada para as explotacións de vacún de leite que mantiveron dereitos especiais en 2014 a que se refire a sección 7.ª do capítulo II do título IV:

Antes do 15 de novembro do ano de presentación da solicitude, as solicitudes aceptadas para o pagamento e número de animais con dereito a pagamento.

g) Respecto da axuda asociada para as explotacións de vacún de ceba que mantiveron dereitos especiais en 2014 a que se refire a sección 8.ª do capítulo II do título IV:

Antes do 15 de xaneiro do ano seguinte ao de presentación da solicitude, número total de solicitudes aceptadas para o pagamento e número de animais con dereito a pagamento.

h) Respecto da axuda asociada para as explotacións de ovino e caprino que mantiveron dereitos especiais en 2014 a que se refire a sección 9.^a do capítulo II do título IV:

Antes do 15 de novembro do ano de presentación da solicitude, as solicitudes aceptadas para o pagamento e número de animais con dereito a pagamento.»

Vinte. A disposición adicional terceira substitúese pola seguinte:

«Disposición adicional terceira. *Responsabilidade das comunidades autónomas.*

Para os efectos da aplicación do artigo 4 do Real decreto 515/2013, do 5 de xullo, polo que se regulan os criterios e o procedemento para determinar e repercutir as responsabilidades por incumprimento do dereito da Unión Europea, as comunidades autónomas poderán responder das posibles sancións derivadas do incumprimento do dereito da Unión Europea en actuacións da súa competencia, incluído o caso de que se superen os límites máximos orzamentarios recollidos nos puntos 1 e 2 do artigo 4, como consecuencia dun erro na información recibida das comunidades autónomas, conforme o disposto nos puntos 4 e 5 do artigo 4, ou ao incumprimento das datas e prazos para realizar as ditas comunicacións, establecidos no artigo 107 sempre que do propio procedemento de responsabilidade se resolva que a Administración pública responsable, en exclusiva ou de forma concorrente, é a Administración autonómica.»

Vinte e un. A disposición derradeira segunda substitúese pola seguinte:

«Disposición derradeira segunda. *Facultade de desenvolvemento e modificación.*

Facúltase o titular do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente para adaptar os anexos, as datas e prazos deste real decreto ás exigencias derivadas da normativa da Unión Europea.

Non obstante o previsto no artigo 95, cando sexa estritamente necesario para garantir o cumprimento da normativa europea, o Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, por solicitude dunha ou varias comunidades autónomas, acordará a ampliación de prazo de presentación da solicitude única no seu ámbito territorial de actuación, de maneira debidamente motivada. A orde do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, se é o caso, especificará a comunidade ou comunidades autónomas en que será de aplicación a citada ampliación de prazo, sempre dentro do máximo permitido pola normativa da Unión Europea.

Así mesmo, o titular do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente poderá modificar o anexo II, mediante o reaxuste das liñas de axuda gandeiras, para evitar que as variacións nos parámetros utilizados para o cálculo das axudas poidan distorsionar o seu obxectivo, sempre que así sexa permitido pola normativa da Unión Europea.»

Vinte e dous. Engádesse un novo punto 18 ao final da epígrafe I do anexo VII, co seguinte contido:

«18. No caso de explotacións agrícolas que realicen venda directa ao consumidor final, declaración da dita práctica, entendéndose como tal calquera forma de transferencia, a título oneroso ou gratuíto, realizada directamente polo produtor á persoa consumidora final.»

Vinte e tres. A epígrafe III do anexo VII queda modificada do seguinte modo:

a) O punto 8 substitúese polo seguinte:

«8. Superficies de interese ecolóxico:

– Relación de parcelas en barbeito que o solicitante desexa que se lle computen como superficie de interese ecolóxico, superficies forestadas e superficies dedicadas á agrosilvicultura, tal e como estas se describen no artigo 24 do presente real decreto.

– Relación de parcelas de cultivos fixadores de nitróxeno, dedicadas aos cultivos referenciados na parte II do anexo VIII, que o solicitante desexa que se lle computen como superficie de interese ecolóxico.

– Declaración responsable do solicitante de que é coñecedor da prohibición do emprego de produtos fitosanitarios na superficie de barbeito e de cultivo fixador de nitróxeno que decidiu computar como superficie de interese ecolóxico.»

b) O punto 10 queda redactado nos seguintes termos:

«10. Axuda asociada aos cultivos proteicos a que se refire a sección 3ª, capítulo I, título IV:

– A superficie pola que se solicita o pagamento, desagregada por especie e, cando corresponda, por variedade cultivada.

– Declaración responsable do solicitante que é coñecedor dos requisitos recollidos no artigo 35.»

c) Engádesse un novo punto 13, co seguinte contido:

«13. No caso da axuda asociada ao tomate para industria, sección 7ª, capítulo I, título IV, unha declaración responsable do solicitante de que é coñecedor dos requisitos recollidos no artigo 49.»

Vinte e catro. As epígrafes I e II do anexo VIII substitúense polas seguintes:

«I. Terras en barbeito

Para que as terras en barbeito sexan consideradas superficies de interese ecolóxico non deberán dedicarse á produción agraria durante, ao menos, un período de seis meses consecutivos, que se contabilizarán dentro do período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 30 de setembro do ano de solicitude. En calquera caso, estarán permitidas as intervencións dirixidas a establecer unha cubertoira vexetal verde con fins relacionados coa biodiversidade, incluída a sementeira de mesturas de sementes de flores silvestres.

En todos os barbeitos que sexan considerados superficies de interese ecolóxico queda prohibido o emprego de calquera tipo de produto fitosanitario.

Para os efectos da solicitude, a dita superficie deberá ser declarada como superficie en barbeito o ano de solicitude no que se pretenda computar como superficie de interese ecolóxico.

Así mesmo, a partir da solicitude única correspondente a 2016, as superficies de barbeito que pretendan computarse como de interese ecolóxico non deberán ter estado precedidas por ningún cultivo fixador de nitróxeno dos incluídos na listaxe do punto seguinte que se computase como de interese ecolóxico en relación coa solicitude única do ano anterior.

II. Cultivos fixadores de nitróxeno

Consideraranse superficies de interese ecolóxico as dedicadas ao cultivo das seguintes especies de leguminosas para consumo humano ou animal:

- feixón (*Phaseolus vulgaris* L., *Phaseolus lunatus* L., *Phaseolus coccineus* L.),
- garavanzo (*Cicer arietinum* L.),
- lentella (*Lens sculenta* Moench, *Lens culinaris* Moench),
- chícharo (*Pisum sativum* L.),
- fabas (*Vicia faba* L.),
- tremozo (*Lupinus* spp.),
- veza (*Vicia monanthos* Desf.),
- pedrelos bravos ou almortas (*Lathyrus sativus* L.),
- ervella brava (*Vicia sativa* L.),
- ervellas negras (*Vicia ervilia* (L.) Willd.),
- alforba (*Trigonella foenum-graecum* L.),
- ervellaca (*Vicia narbonensis* L.),
- alfalfa (*Medicago sativa* L.),
- esparceta (*Onobrichis sativa* Lam.),
- sula (*Hedysarum coronarium* L.),
- trevo (*Trifolium* spp.),
- soia (*Glycine max* (L.) Merrill) e
- cacahuete (*Arachis hypogaea* L.).

Admitiranse, así mesmo, mesturas destes cultivos con outros que non teñan capacidade de fixar nitróxeno, sempre que o cultivo fixador de nitróxeno sexa predominante na mestura.

En todas as superficies de cultivos fixadores de nitróxeno que sexan considerados superficies de interese ecolóxico queda prohibido o emprego de calquera tipo de produto fitosanitario.

Así mesmo, para optimizar o beneficio ambiental que achegan os cultivos fixadores de nitróxeno, estes manteranse sobre o terreo, ao menos, ata o inicio da floración.

Co obxecto de evitar o risco de lixiviación do nitróxeno fixado por estes cultivos no outono, así como de aproveitar a mellora do solo que se obtén con este tipo de cultivos, as superficies de cultivos fixadores de nitróxeno que pretendan computarse como de interese ecolóxico non poderán ir seguidas na rotación de cultivos da explotación por terras en barbeito.»

Vinte e cinco. As epígrafes I e II do anexo XI substitúense polas seguintes:

«Parte I. Leguminosas elixibles

Garavanzo: *Cicer arietinum* L.

Lentella: *Lens sculenta* Moench, *Lens culinaris* Moench.

Feixón: *Phaseolus vulgaris* L., *Phaseolus lunatus* L., *Phaseolus coccineus* L.

Parte II. Denominacións de calidade: agricultura ecolóxica

1. Denominacións de orixe protexida e indicacións xeográficas protexidas:

DOP Judía del Ganxet.

IXP Alubia de La Bañeza-León.

IXP Faba Asturiana.

IXP Faba de Lourenzá.

IXP Garbanzo de Fuentesauco.

IXP Judías de El Barco de Ávila.

IXP Lenteja de La Armuña.

IXP Lenteja de Tierra de Campos.

IXP Garbanzo de Escacena.

DOP Fesols de Santa Pau.

2. Outras denominacións de calidade:

Alubia de Guernika.
Alubia de Tolosa.
Alubia pinta alavesa.
Alubia arrocina alavesa.
Garbanzo de Pedrosillo.
Judión de la Granja.
Alubia de Anguiano.»

Artigo segundo. *Modificación do Real decreto 1076/2014, do 19 de decembro, sobre asignación de dereitos de réxime de pagamento básico da política agrícola común.*

O Real decreto 1076/2014, do 19 de decembro, sobre asignación de dereitos de réxime de pagamento básico da política agrícola común, queda modificado como segue:

Un. A letra f) do punto 2 do artigo 22 queda redactada do seguinte modo:

«f) A creación de condicións artificiais para o cumprimento da normativa no que se refire aos requisitos derivados da definición de agricultor activo e actividade agraria. Nestes casos non se asignarán dereitos sobre as superficies que non resulten determinadas polo incumprimento dos ditos requisitos. Prestarase unha atención especial á creación de condicións artificiais para eludir as exixencias de actividade agraria nas superficies declaradas. Para estes efectos, consideraranse as situacións de risco recollidas no artigo 12 do Real decreto 1075/2014, do 19 de decembro. Así mesmo, consideraranse un intento de elusión a declaración dun tipo de superficie ou actividade que non teña relación coa orientación produtiva da explotación.»

Dous. Engádesse unha nova letra e) no punto 2 do artigo 23, co seguinte contido:

«e) Os dereitos de pagamento asignados de maneira indebida, recuperados segundo o disposto no artigo 31.»

Tres. Engádesse un novo punto 7 do artigo 24, co seguinte contido:

«7. De acordo co artigo 58 do Regulamento (UE) nº 1306/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, cando se demostre que un beneficiario creou artificialmente as condicións para solicitar dereitos de pagamento básico con cargo á reserva nacional, conforme os criterios establecidos no artigo 22.2 deste real decreto, non se lle concederán os ditos dereitos ou estes veranse limitados.»

Catro. As letras b) e c) do punto 1 do artigo 25 quedan modificadas como segue:

«b) Dispoñer de hectáreas admisibles determinadas para efectos do pagamento básico para que os dereitos se poidan asignar con base nas ditas hectáreas. Se o solicitante declara na súa solicitude única superficies de pastos permanentes sobre os que pretende recibir unha asignación de dereitos de pagamento básico procedente da reserva nacional, deberá estar inscrito como titular principal dunha explotación activa no Rexistro de Explotacións Gandeiras (REGA), regulado polo Real decreto 479/2004, do 26 de marzo, polo que se establece e regula o Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras, o 31 de maio da campaña en que presente a súa solicitude á reserva nacional. En caso contrario, a autoridade competente deberá estudar se se cumpren as condicións establecidas tanto no artigo 3, punto I, do Real decreto 1075/2014, do 19 de decembro, en relación co coeficiente de admisibilidade de pastos nas ditas superficies, como no artigo 11 sobre a actividade agraria en superficies de pastos. En calquera caso, estes titulares

serán considerados como unha situación de risco para efectos da aplicación do artigo 12 do citado real decreto.

c) A superficie pola que se solicitan dereitos de pagamento básico da reserva nacional debe estar á disposición do solicitante o 31 de maio da campaña que corresponda coa solicitude de dereitos á reserva nacional realizada e, por tanto, debe figurar nesta.

Cinco. O artigo 26 queda modificado do seguinte modo:

a) As letras c) e d) do punto 1 quedan redactadas nos seguintes termos:

«c) Cando un mozo agricultor, ou un agricultor que inicie a súa actividade e non posúa dereitos de pagamento básico en propiedade ou en arrendamento, solicite dereitos da reserva nacional, recibirá un número de dereitos de pagamento igual ao número de hectáreas admisibles determinadas que posúa, en propiedade ou en arrendamento, o 31 de maio da campaña en que os solicita. O valor dos ditos dereitos calcularase segundo queda indicado na letra a).

d) Cando un mozo agricultor, ou un agricultor que inicie a súa actividade, solicite dereitos da reserva nacional, pero xa dispoña dalgúns dereitos de pagamento en propiedade ou en arrendamento, recibirá un número de dereitos de pagamento igual ao número de hectáreas admisibles determinadas que posúa, en propiedade ou en arrendamento, o 31 de maio da campaña en que solicita eses dereitos, con respecto ás cales aínda non posúa ningún dereito de pagamento básico. O valor dos ditos dereitos calcularase segundo queda indicado na letra a).

Neste caso, ademais, cando o valor dos dereitos de pagamento que xa posúe o agricultor, en propiedade ou en arrendamento, sexa inferior á media rexional a que se refire a letra a), os valores unitarios anuais dos ditos dereitos poderán aumentarse ata a dita media rexional.»

b) As letras b) e c) do punto 2 quedan modificadas do seguinte modo:

«b) Un agricultor que non posúa dereitos de pagamento, en propiedade ou en arrendamento, que teña dereito a recibir tales dereitos da reserva nacional de acordo co artigo 24 e que os solicite, recibirá un número de dereitos de pagamento igual ao número de hectáreas admisibles determinadas que posúa, en propiedade ou en arrendamento, o 31 de maio da campaña en que presente a súa solicitude á reserva nacional.

c) Un agricultor que xa posúe dereitos de pagamento, en propiedade ou en arrendamento, que teña dereito a recibir dereitos de pagamento da reserva nacional de acordo co artigo 24 e que os solicite, recibirá un número de dereitos de pagamento igual ao número de hectáreas admisibles determinadas que posúa, en propiedade ou en arrendamento, o 31 de maio da campaña en que presente a súa solicitude de acceso á reserva nacional, con respecto ás cales aínda non posúa ningún dereito de pagamento en propiedade ou arrendamento.»

Seis. O artigo 29 queda redactado como segue:

a) O punto 1 substitúese polo seguinte:

«1. No caso da venda ou arrendamento de dereitos de axuda sen terras, restituírase á reserva nacional o 20% do valor de cada dereito, excepto no caso de que se trate de cesións pola totalidade dos dereitos realizadas por produtores cuxo importe total de dereitos de pagamento básico sexa inferior aos 300 €, de tal maneira que se facilite a venda dos seus dereitos.

Tampouco se aplicará a dita retención no caso de venda ou arrendamento dos dereitos de axuda sen terras a agricultores mozos que cumpran os requisitos recollidos no artigo 25 do Real decreto 1075/2014, do 19 de decembro.»

b) A letra b) do punto 3 queda redactada nos seguintes termos:

«b) Cesión temporal ou definitiva dos dereitos de axuda sen terra nas que o cedente ou o cesionario vise modificada a súa superficie nalgunha das rexións onde ten asignados dereitos de pagamento básico, como consecuencia da intervención pública vinculada a un proceso de expropiación forzosa ou a un programa público de concentración parcelaria.»

Sete. O punto 1 do artigo 30 queda modificado do seguinte modo:

«1. O cedente comunicará a cesión dos dereitos de axuda á autoridade competente ante a que presentase a súa última solicitude única, entregando, xunto á dita comunicación, os documentos necesarios, en función do tipo de cesión elixida, para acreditala. O período de comunicación iniciarase o 1 de novembro e finalizará o 31 de maio do seguinte ano, aínda que cada comunidade autónoma poderá atrasar o inicio da comunicación de cesións a unha data non posterior á de inicio do prazo de presentación da solicitude única.»

Oito. O punto 1 do artigo 35 queda redactado da seguinte maneira:

«1. Os dereitos de pagamento activados en 2015 por un agricultor que participe neste réxime consideraranse dereitos activados para todo o período de participación do agricultor nel.

A participación no réxime de pequenos agricultores supón, en cada campaña, presentar a solicitude única segundo o artigo 86.5 do Real decreto 1075/2014, do 19 de decembro, e declarar, ao menos, un número de hectáreas admisibles segundo o establecido polo artigo 86.6 do citado real decreto.»

Novo. O anexo VI substitúese polo seguinte:

«ANEXO VI

Modelo de cesión de dereitos de pagamento básico

Cesión de dereitos de axuda

DATOS DO CEDENTE:

Nome e apelidos /razón social:

NIF:

IDENTIFICACIÓN DOS DEREITOS CEDIDOS E DA REXIÓN A QUE PERTENCEN (empregaranse os códigos identificativos oficiais dos dereitos na base de datos nacional de xestión de dereitos).

1.—..... (%)	2.—..... (%)
3.—..... (%)	4.—..... (%)
5.—..... (%)	6.—..... (%)
7.—..... (%)	8.—..... (%)
9.—..... (%)	10.—..... (%)

DATA DA CESIÓN:

SINATURA DO CEDENTE

DATOS DO CESIONARIO:

Nome e apelidos /razón social:

NIF:

SINATURA DO CESIONARIO

MOTIVO DA CESIÓN (márquese o que proceda):

Venda ou cesión definitiva de dereitos de pagamento básico sen terra (20% de retención).

Venda ou cesión definitiva de todos os dereitos de pagamento básico sen terra en caso de cedentes con importes totais de pagamento básico inferiores aos 300 euros.

Venda ou cesión definitiva de dereitos de pagamento básico sen terra a un agricultor que inicia a actividade agraria.

Venda ou cesión definitiva de dereitos de pagamento básico con terra ou cesións asimiladas (hectáreas admisibles).

Venda ou cesión definitiva de dereitos de pagamento básico sen terra onde o cedente ou o cesionario visen modificada a súa superficie nalgunha das rexións como consecuencia da intervención pública.

Venda ou cesión definitiva de dereitos de pagamento básico sen terra a un agricultor mozo.

Arrendamento de dereitos de pagamento básico sen terra (20% de retención).

Arrendamento de dereitos de pagamento básico sen terra onde o cedente vise reducida a súa superficie nalgunha das rexións como consecuencia da intervención pública.

Arrendamento de dereitos de pagamento básico sen terra a un agricultor mozo.

Arrendamento de dereitos de pagamento básico con terra (hectáreas admisibles).

Finalización anticipada dun arrendamento de dereitos de pagamento básico sen terra.

Finalización anticipada de arrendamentos de dereitos de pagamento básico con terra.

Herdanzas.

Xubilacións da actividade agraria nas que o cesionario ou cesionarios dos dereitos sexan familiares de primeiro grao do cedente e programas aprobados de cesamento anticipado ou incapacidade laboral permanente do cedente.

Cambios do réxime ou estatuto xurídico do titular que comporten un cambio de NIF.

Fusións ou agrupacións en persoas xurídicas ou entes sen personalidade xurídica.

Escisións de persoas xurídicas ou de agrupacións de persoas físicas.

Renuncia voluntaria a favor da reserva nacional.

Nota: deberase achegar toda a documentación que solicite a autoridade competente e sexa necesaria para xustificar o tipo de cesión solicitado.

Modelo de acordo tripartito entre as partes para a cesión dos dereitos no caso de explotacións coa base territorial arrendada

Para os casos nos que a utilización e administración da explotación se transfira entre un arrendatario de terras (1) que finaliza o contrato de arrendamento e o novo arrendatario das ditas terras (2), débese asociar a cesión dos dereitos de pagamento básico á formalización dun contrato de arrendamento de terras entre o propietario destas (3) e o novo titular da explotación citado anteriormente (2), que probe que existe continuidade na xestión da explotación entre ambos os arrendatarios.

Nestes casos, de maneira conxunta co modelo de cesión de dereitos que se vai establecer entre 1 e 2, débese asinar, de forma simultánea, o seguinte acordo de arrendamento das terras da explotación entre o propietario das terras (3) e o novo arrendatario (2), que é o cesionario dos dereitos:

....., NIF (3) en calidade de arrendador, mediante a sinatura do presente documento, acorda transferir a, NIF (2) en calidade de NOVO arrendatario, a relación de parcelas que a continuación se detallan e que estiveran baixo contrato de arrendamento, agora expirado, baixo a titularidade de, NIF (1)

Referencia SIXPAC	Municipio	Número de hectáreas

Os abaixo asinantes declaran que os datos e documentación que achegan son certos,

..... de..... de 201...

O propietario (3),

Asdo.:

A parte arrendataria (1) que finaliza a relación contractual co propietario

Asdo.:

O arrendatario (2),

Asdo.:

Documentación anexa:

Documento de finalización de arrendamento.

Escritura pública ou documento privado liquidado dos impostos que gravan o arrendamento de leiras rústicas.

Outros documentos que deberán especificar os interesados..... »

Artigo terceiro. *Modificación do Real decreto 1077/2014, do 19 de decembro, polo que se regula o Sistema de información xeográfica de parcelas agrícolas.*

O número 2 do punto I do anexo I do Real decreto 1077/2014, do 19 de decembro, polo que se regula o Sistema de información xeográfica de parcelas agrícolas, substitúese polo seguinte:

« 2. Información alfanumérica:

A base de datos alfanumérica contén a seguinte información mínima de cada un dos recintos: códigos de identificación, superficie, coeficiente de admisibilidade en pastos, perímetro, código de uso asignado, incidencias detectadas na subdivisión, coeficiente de regadío, pendente media, elixibilidade, número de árbores de froitos de casca por especies (amendoeira, alfarrobeira, abeleira, nogueira e pistacho) e rexión do réxime de pagamento básico (segundo se definen no artigo 7 do Real decreto 1076/2014, do 19 de decembro, sobre asignación de dereitos de réxime de pagamento básico da política agrícola común), así como outra información que se determine na mesa de coordinación.

Para cada parcela SIXPAC recollerase a referencia catastral correspondente.

Ademais, a cartografía de superficies de interese ecolóxico incluírá información alfanumérica, ao menos, sobre o tipo e superficie ponderada.»

Artigo cuarto. *Modificación do Real decreto 1078/2014, do 19 de decembro, polo que se establecen as normas da condicionalidade que deben cumprir os beneficiarios que reciban pagamentos directos, determinadas primas anuais de desenvolvemento rural ou pagamentos en virtude de determinados programas de apoio ao sector vitivinícola.*

Engádense dous novos parágrafos ao final da BCAM 6 do punto 2 do anexo II do Real decreto 1078/2014, do 19 de decembro, polo que se establecen as normas da condicionalidade que deben cumprir os beneficiarios que reciban pagamentos directos, determinadas primas anuais de desenvolvemento rural ou pagamentos en virtude de determinados programas de apoio ao sector vitivinícola, co seguinte contido:

«A aplicación de xurro nas superficies agrícolas non se poderá realizar mediante sistemas de prato ou abano nin canóns; as comunidades autónomas poderán establecer excepcións, atendendo ás características específicas das superficies afectadas, incluídas as condicións orográficas e climáticas, ou outros motivos, que deberán quedar debidamente xustificadas.

Os estercos sólidos deberán enterrarse despois da súa aplicación no menor prazo de tempo posible. Non obstante, poderanse exceptuar desta obrigaición, se a comunidade autónoma así o establece, os tipos de cultivo mediante sementeira directa ou mínima labra, os pastos e cultivos permanentes, e cando a achega do esterco sólido se realice en cobertoira co cultivo xa instalado.»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2018.

Dado en Madrid o 10 de novembro de 2017.

FELIPE R.

A ministra de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente,
ISABEL GARCÍA TEJERINA